

## **CERTAME DE TEATRO ESCOLAR “LAGOAS A ESCENA”**

### **I CERTAME DE TEATRO ESCOLAR “LAGOAS A ESCENA”**

Desde o IES As Lagoas, centro que ten na súa oferta educativa a modalidade de Música e Artes Escénicas, convócase,

#### **I Certame de teatro escolar “LAGOAS A ESCENA”**

O teatro busca desenvolver entre o alumando a dimensión estética e creativa, desenvolver as competencias básicas, fomentar a integración e estreitar as relacións dentro da comunidade.

#### **BASES DO CERTAME**

##### **1. Participación:**

- a. Dirixido a centros de ensino secundaria e bacharelato da **cidade de Ourense**.
- b. Cada centro poderá participar **cun só grupo** formado por alumnos e alumnas desas etapas matriculados no presente curso no centro que inscriba a obra.
- c. O número de membros non debe exceder de vinte, e poderán ser acompañados por outras vinte persoas.

##### **d. Condicións de participación:**

Cada grupo poderá levar a escena calquera tipo de obra, con liberdade respecto ao contido, lingua, xénero e época, se ben a súa selección rexerese polos criterios de cualificación do comité organizador (ver o apartado 2 destas bases).

As obras representaranse en sesións escolares e a súa **duración** será de **60 minutos como mínimo e de 90 como máximo** aproximadamente.

##### **2. Selección de grupos:**


Establécese unha participación dun número máximo de **cinco grupos** e máis os do IES As Lagoas. No caso de que haxa un número maior de aspirantes, o comité organizador terá especialmente en conta os seguinte criterios de selección:

- a) Grupos de IES coa modalidade de Artes ou con tradición teatral
- b) Orde de chegada das solicitudes
- c) Interese e valor pedagóxico das propostas

##### **3. Ficha de inscrición**

A ficha de inscrición pode descargarse na páxina web do IES As Lagoas e unha vez cuberta será enviada ao correo do IES As Lagoas, co asunto: **Inscrición certame teatro**, ata o **20 de marzo** incluído.

Correo: [ies.aslagoas@edu.xunta.es](mailto:ies.aslagoas@edu.xunta.es)



## **CERTAME DE TEATRO ESCOLAR “LAGOAS A ESCENA”**

### **4. Datos de representación**

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes procederase á elaboración do calendario.

As representacións celebraranse no salón de actos do IES As Lagoas , ás 17'00 h. da tarde dos luns dos meses de maio e xuño.

Os grupos disporán do salón de actos tres horas antes da representación, aínda que poderán ver as instalacións previamente.

### **5. Xurado**

O xurado estará composto por profesorado do IES As Lagoas , alumnado do IES As Lagoas, xente do teatro da cidade e un representante dos organismos colaboradores.

O fallo do xurado será inapelable e farase público o **17 de xuño de 2024** na entrega de premios, á que estarán invitados todos os grupos participantes.

### **6. Premios**

Todos os grupos participantes recibirán un **diploma de participación**. Os premios non poderán quedar desertos .

Os premios que se establecen son os seguintes:

- **1º Premio** dotado cunha figura e lote de materiais teatrais
- **Accésit** dotado cunha figura e lote de materiais teatrais.
- Premio á **Mellor Interpretación Individual** dotado con placa ou figura.
- **Premio Especial do Público Escolar** á Mellor Obra dotado con placa ou figura.

### **7. Autorización de imaxes de menores**

Todos os grupos, compañías e centros educativos deberán facilitar ao IES As Lagoas, cun mínimo dunha semana de antelación, o documento oficial de autorización de imaxe do Certame segundo o modelo correspondente que estará dispoñible para a súa descarga na pestana do certame na páxina web do IES.

### **8. Aceptación**

A participación no certame implica a plena aceptación destas bases.

Máis información na web do IES As Lagoas:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesaslagoas/node/985>